

**SOLICITUDE DE ALTA Ó SERVIZO I-EGa**

Datos do Responsable do Organismo Solicitante	
Nome e Apelidos	
DNI	
Cargo	
Teléfono móbil	
Correo electrónico	
Datos do Organismo Solicitante	
Organismo	
Dirección	
Concello	
Provincia	
Contacto co Servizo	
Teléfono móbil	
Correo electrónico	

O solicitante declara coñecer:

- De conformidade coa lexislación vixente sobre protección de datos, LEI ORGÁNICA 15/1999, DE 13 DE DECEMBRO, de Protección de Datos de Carácter Persoal (BOE núm. 298, de 14 de decembro de 1999) e a súa normativa de desenvolvemento especialmente o Regulamento RD 1720/2007, 21 DE DECEMBRO (B.O.E. Nº 17 de 19 de xaneiro) onde se establecen un conxunto de obrigas no tratamento dos datos de carácter persoal, o abaixo asinante comprométese a gardala máxima reserva e confidencialidade sobre tódolos datos ós que teña acceso ou que empregue mediante a aplicación informática remota I-EGa, relativos ao CAE 112 Galicia, comprometéndose a non divulgalos, publicalos, nin poñelos a disposición de terceiros por calquera outra forma directa ou indirecta.
- Asemade comprométese a non gardar copia algunha de tales datos, nin de calquera outro material, información ou documentación derivada do citado servizo, e a respectar

Os datos subministrados polo usuario serán incorporados e tratados no ficheiro Xestión de Incidencias 112, cuxa finalidade é recoller a información necesaria para levar a cabo a xestión de incidencias xeradas, así coma a mobilización de recursos necesarios para a súa resolución, non habendo cesións de datos excepto as previstas pola Lei. O responsable do ficheiro é a Axencia Galega de Emerxencias, e ante ela poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, todo o cal se informa en cumprimento do artigo 5 da Ley Orgánica 15/1999, do 13 de decembro.



todas aquelas medidas de seguridade que o CAE 112 Galicia estableza a fin de garanti-la confidencialidade da información e o acceso aos datos contidos na base de datos do CAE 112 Galicia.

- De acordo co artigo 37 punto 2 da Lei 5/2007, do 7 de maio, de Emerxencias de Galicia, o CAE 112 Galicia, ten por obxecto atender as chamadas realizadas polos cidadáns ante situacións de emerxencias, darlles o tratamento correspondente a estas e dirixilas aos centros de atención dos servizos públicos que haberán de prestar a asistencia obxecto da chamada. Esta información ou mobilización de servizos públicos, relativa á emerxencia entenderase efectuada polo CAE 112 Galicia, a través do aviso que de dita emerxencia apareza indicada na aplicación informática remota I-EGa, aínda cando o CAE 112 Galicia facilitará esta información/mobilización tamén a través de chamada telefónica. En cada quenda o organismo deberá revisar a aplicación informática remota I-EGa co fin de comprobar a operatividade e comunicarse calquera incidencia de xeito urxente ao CAU do CAE 112 Galicia no 981 541 430 (24 horas).
- O servizo público ou organismo deberá facilitar información do estado do recurso mobilizado polo mesmo ao CAE 112 Galicia, para que poida cumprir o sinalado no artigo 37, punto 1 a) da lei antes citada, en relación ao seguimento e peche da emerxencia.
- O servizo público ou organismo deberá manter actualizada a ficha do catálogo de medios e recursos do organismo ao que estea adscrito o I-EGa, se é o caso.
- A duración das obrigas aquí establecidas ten carácter indefinido.

Data	Sinatura do solicitante

A presente solicitude, deberá asinala o máximo responsable titular do servizo ou organismo solicitante e enviarase por correo postal a:

Axencia Galega de Emerxencias
Rúa Roma, 25-27. Fontiñas
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Para calquera asunto relacionado con este servizo, pode usar coma vías de contacto o correo electrónico axega@xunta.es ou o fax 881 997 450.

Os datos subministrados polo usuario serán incorporados e tratados no ficheiro Xestión de Incidencias 112, cuxa finalidade é recoller a información necesaria para levar a cabo a xestión de incidencias xeradas, así coma a mobilización de recursos necesarios para a súa resolución, non habendo cesións de datos excepto as previstas pola Lei. O responsable do ficheiro é a Axencia Galega de Emerxencias, e ante ela poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición, todo o cal se informa en cumprimento do artigo 5 da Ley Orgánica 15/1999, do 13 de decembro.